



Avisos Varios

*Infórmase aos veciños que o transporte ao Centro de Maiores continuará funcionando con normalidade ata o 30 de xullo de 2010.

*Nestes últimos meses temos detectado un incremento da presenza de vidro nos contedores de lixo (os verdes), por iso queremos recordar aos veciños que se fai unha recollida deste material o último venres de cada mes e para que o recollan basta con deixalo xunta o contedor do lixo, non fai falla avisar.

Agradeceríamos que fagan uso deste servizo xa que supón un beneficio económico e sobre todo un beneficio para a natureza.

*Publicáronse no BOP de 30 de xuño de 2010 (num. 122) as Subvencións convocadas por este Concello para o Ano 2010:

-Subvención para **Entidades sen fins de lucro para actividades culturais ou deportivas**: Presentación de solicitudes dende o 1 de xullo ata o 17 de xullo de 2010.

-Subvención para familias como axuda ao Custo do **Transporte Escolar**: Presentación de solicitudes dende o 1 de xullo ata o 17 de xullo de 2010.

-Subvención para apoio á **Natalidade**: A subvención poderá ser solicitada dende o día seguinte ao nacemento/adopción do fillo/a e como

data límite 30/11/2010. Para fillos/as nados/adoptados dende o 1/12/2009.

-Subvención fronte a situacións de **Emerxencia Social**: Prazo de solicitude aberto ata o 15/12/2010.

-Subvención para **Promoción do Emprego**: Prazo de solicitude aberto ata o 15/12/2010.

Cultura e Deportes

* Actividades de Verán.

-Xullo 2010:

-Comezo do Programa Tempo de Lecer o 5 de xullo (25€)

-Comezo dos Cursos de Natación na piscina o 5 de xullo.

-Paintball na Área Recreativa da Piscina o 9 de xullo(5 €)

-Kaiak en Portodemouros o 10 de xullo(18 €)

-Ruta de Sendeirismo: Fragas do Eume o 11 de xullo.

-Noites de Cine:

*16/07/2010. "007-Quantum of Solace"(+13 anos) -Local social de Arceo.

*23/07/2010. "Crepúsculo" (+13 anos) - Campo do Rosario (Boimorto).

*30/07/2010. "Pérez, o Ratiño dos teus soños" (TP) - Local social de Brates.

*07/08/2010. "Disaster Movie" (+13 anos) - Local de Liñeiro(Anxeles).

- Inchables na piscina o 17 de xullo.

- Aventura no Centro Gaels o 18 de xullo (28€).

- Campamentos Deportivos:

* 6 a 10 anos: 19 a 23 de xullo (10€)

*11 a 15 anos: 27 a 30 de xullo (10€)

- Festa do Neno na Área Recreativa da piscina o 24 de xullo.

-Carreira de Carrilanas o 25 de xullo. Habrá 500€ en premios e a saída da carreira será ás 5 da tarde.

-Festa da xuventude o 31 de xullo. Concertos, xantar popular, teatro na rúa, ... todo isto nun marco natural impresionante como é o refuxio de Sendelle. Contamos con vós xa que esta é a primeira Festa da Xuventude que promove o Concello e queremos que sexa un éxito.

-Agosto 2010 (Adianto)

-Excursión á praia de Montalvo o 4 de agosto.

-Xornada de inchables na piscina o 8 de agosto

-Excursión ao Aquapark de Cerceda.(5€)

As follas de inscrición están a disposición dos interesados na Casa do Concello (9h. a 15h.) ou adxuntas aos "Programas de Actividades" editados polo Concello.

Feira en Boimorto.

*Despois do grande éxito que tivo a feira de xuño agardamos que volvades este 3 de xullo xa que é necesario a participación para poder continuar con esta actividade tan importante para a nosa vila.

Itinerario do transporte polas parroquias:

ITINERARIO AUTOCAR Nº 1		ITINERARIO AUTOCAR Nº 2	
PARADAS	HORARIO	PARADAS	HORARIO
Escola de Rodieiros	09,45H	Arceo - Guerras	09,45H
Zaín	09,47H	Arceo - Canto do Balo	09,50H
Quiñoi	09,50H	Buazo - Souto	09,55H
Casilla Dos Condes	09,55H	Buazo - A Sobreira	10,00H
Corneda	10,00H	Cardeiro - Curras	10,05H
Eixón	10,05H	Cardeiro - Igrexa	10,08H
Dormeá	10,10H	Brates - Bertomil	10,12H
Ánxeles	10,15H	Brates - Tabernas	10,15H
Brea	10,20H	Brates - Igrexa	10,20H
Corredoiras	10,22H	Brates - Pousada	10,25H
Boimil	10,25H	A Cabrita	10,30H
Andabao - Arentia	10,30H	Sendelle - Marco	10,37H
Arosa	10,35H	Sendelle - Igrexa	10,42H
Brañas	10,40H	Sendelle - Franzomil	10,50H
Piñeiro	10,45H	Boimorto	11,00H
Boimorto	10,55H		

Así que, xa sabedes, temos o lugar, temos transporte, temos tendeiros,... xa só nos faltades vós.

A. F. Santiaguíños

* Conrobla:

A Conrobla ven sendo unha cita ineludible no calendario cultural destes últimos anos. Este ano terá lugar o 3 de xullo co seguinte horario:

-Polo serán: exposicións

-Ás 17:00h. xogos populares.

-Ás 20:15h. Romaría Internacional.

-Ás 21:00h. Concerto música de Angola

-Ás 22:00h. Cea e Romaría Tradicional.
